


# Campionato Galego "Xunta de Galicia"

# REMO DE MAR

Praia da Retorta  
Cabo da Cruz

12/09 10:00



Organizan:



Colaboran:



CONCELLO  
DE  
BOIRO



XUNTA  
DE GALICIA

# CAMPIONATO GALEGO REMO DE MAR



XUNTA  
DE GALICIA

**DATA** 12 DE SETEMBRO

**HORA** 10:00

**LUGAR** PRAIA DA RETORTA - CABO DA CRUZ

## Concello de Boiro

### UBICACIÓN

42°36'28.5"N 8°51'47.6"W

J45P+5P6 O Chazo, Boiro

### RUTA RECOMENDADA



A ruta ten asignados uns puntos de referencia para forzar o mellor trazado para vehículos con remolque. É a forma máis directa de chegar, ademais de evitar que se recalculen rutas, que segundo o GPS son máis rápidas (non o son) ademais de non ser aptas para os vehículos que porten as embarcacións



## INDICACIÓNS

**CONTACTOS** 647913809 Ramón - 639037079 Luis

**REUNIÓN  
DELEGADOS** 09:00

**INSCRICIÓN** As inscricións realizaranse a través da Plataforma Online da FEGAR. A **data límite para as inscricións** será o **Martes 08 de Setembro ás 12:00h**. É responsabilidade de cada club que os deportistas teñan en vigor a licenza federativa.

**Por motivos organizativos hai que realizar tamén a inscrición a través das ligazóns para cada modalidade:**

- C1X: [INSCRIBIR C1X](#)
- C2X: [INSCRIBIR C2X](#)
- C4X: [INSCRIBIR C4X](#)

**PARTICIPACIÓN** Non se limitará a participación salvo que se requira usar barcos da organización, en cuxo caso limitarase a 2 botes por club e categoría.

A participación será libre e por clubs.

- **CADETE:** C1X / C2X / C4X - 3.000m
- **XUVENIL:** C1X / C2X / C4X - 3.000m
- **ABSOLUTO:** C1X / C2X / C2X MIX / C4X - 3.000m
- **VETERAN:** C1X / C2X / C2X MIX / C4X - 3.000m

**REGATA  
PROMOCIÓN** **ALEVÍN:** C1X/C2X - 900m  
**INFANTIL:** C1X/C2X - 900m

**DOBRAXES** Admítese dobraxe dentro dunha mesma categoría. O feito de dobrar **non implica en ningún momento a alteración das mangas programadas**.  
Permítese tamén o dobraxe nas categorías Alevín e Infantil.

**EMBARCACIÓNS** A organización disporá de embarcacións C1X e C2X en número limitado, polo que o número de quendas para cada categoría estará condicionado polo número de botes dispoñibles.  
É aconsellable que os clubs dispoñan de **botes propios**.  
Os clubs que poidan poñer a disposición da organización as súas embarcacións poden facelo a través deste enlace:  
[DISPOSICIÓN DE EMBARCACIÓNS.](#)



# CAMPIONATO GALEGO REMO DE MAR



XUNTA  
DE GALICIA

## HORARIOS E ORDE DE SAÍDA

Estes horarios e orde de saída son orientativos, variando segundo a participación de cada categoría, en especial na C4X, que está pendente da participación mínima.

Os horarios e orde definitivo publicaranse unha vez realizadas formalmente as inscricións.

| HORA   | CATEGORÍA | BARCO | DISTANCIA |
|--------|-----------|-------|-----------|
| 10:00h | ABS.F     | C2X   | 3.000 m   |
| 10:20h | VET.M     | C1X   | 3.000 m   |
| 10:40h | ABS.M     | C2X   | 3.000 m   |
| 11:00h | CAD.F     | C1X   | 3.000 m   |
| 11:20h | XUV.M     | C2X   | 3.000 m   |
| 11:40h | VET.F     | C1X   | 3.000 m   |
| 12:00h | XUV.F     | C4X   | 3.000 m   |
| 12:20h | CAD.M     | C2X   | 3.000 m   |
| 12:40h | ABS.M     | C4X   | 3.000 m   |
| 13:00h | VET.M     | C2X   | 3.000 m   |
| 13:20h | ABS.F     | C4X   | 3.000 m   |
| 13:40h | CAD.F     | C2X   | 3.000 m   |
| 14:00h | XUV.M     | C4X   | 3.000 m   |
| 14:20h | VET.F     | C2X   | 3.000 m   |
| 14:40h | XUV.F     | C1X   | 3.000 m   |
| 15:00h | CAD.M     | C4X   | 3.000 m   |
| 15:20h | ABS.M     | C1X   | 3.000 m   |
| 15:40h | VET.M     | C4X   | 3.000 m   |
| 16:00h | ABS.F     | C1X   | 3.000 m   |
| 16:20h | CAD.F     | C4X   | 3.000 m   |
| 16:40h | XUV.M     | C1X   | 3.000 m   |
| 17:00h | VET.F     | C4X   | 3.000 m   |
| 17:20h | XUV.F     | C2X   | 3.000 m   |
| 17:40h | CAD.M     | C1X   | 3.000 m   |
| 18:00h | ABS.MIX   | C2X   | 3.000 m   |
| 18:20h | VET.MIX   | C2X   | 3.000 m   |
| 18:40h | INF.F     | C1X   | 900 m     |
| 18:50h | INF.M     | C2X   | 900 m     |
| 19:00h | ALEV.M    | C1X   | 900 m     |
| 19:10h | ALEV.F    | C2X   | 900 m     |
| 19:20h | INF.F     | C2X   | 900 m     |
| 19:30h | ALEV.M    | C1X   | 900 m     |
| 19:40h | INF.M     | C1X   | 900 m     |
| 19:50h | ALEV.F    | C2X   | 900 m     |



# CAMPIONATO GALEGO REMO DE MAR



XUNTA  
DE GALICIA

## HÁNDICAPS VETERÁNS

Hándicaps aplicados  
segundo normativa  
FER para unha  
distancia de 3.000 m

| Media Idade          | C1X   | C2X   | C4X  |
|----------------------|-------|-------|------|
| 30                   | 124   | 112   | 96   |
| 31                   | 120,9 | 109,2 | 93,6 |
| 32                   | 117,8 | 106,4 | 91,2 |
| 33                   | 114,7 | 103,6 | 88,8 |
| 34                   | 111,6 | 100,8 | 86,4 |
| 35                   | 108,5 | 98    | 84   |
| 36                   | 105,4 | 95,2  | 81,6 |
| 37                   | 102,3 | 92,4  | 79,2 |
| 38                   | 99,2  | 89,6  | 76,8 |
| 39                   | 96,1  | 86,8  | 74,4 |
| 40                   | 93    | 84    | 72   |
| 41                   | 89,9  | 81,2  | 69,6 |
| 42                   | 86,8  | 78,4  | 67,2 |
| 43                   | 83,7  | 75,6  | 64,8 |
| 44                   | 80,6  | 72,8  | 62,4 |
| 45                   | 77,5  | 70    | 60   |
| 46                   | 74,4  | 67,2  | 57,6 |
| 47                   | 71,3  | 64,4  | 55,2 |
| 48                   | 68,2  | 61,6  | 52,8 |
| 49                   | 65,1  | 58,8  | 50,4 |
| 50                   | 62    | 56    | 48   |
| 51                   | 58,9  | 53,2  | 45,6 |
| 52                   | 55,8  | 50,4  | 43,2 |
| 53                   | 52,7  | 47,6  | 40,8 |
| 54                   | 49,6  | 44,8  | 38,4 |
| 55                   | 46,5  | 42    | 36   |
| 56                   | 43,4  | 39,2  | 33,6 |
| 57                   | 40,3  | 36,4  | 31,2 |
| 58                   | 37,2  | 33,6  | 28,8 |
| 59                   | 34,1  | 30,8  | 26,4 |
| 60                   | 31    | 28    | 24   |
| 61                   | 27,9  | 25,2  | 21,6 |
| 62                   | 24,8  | 22,4  | 19,2 |
| 63                   | 21,7  | 19,6  | 16,8 |
| 64                   | 18,6  | 16,8  | 14,4 |
| 65                   | 15,5  | 14    | 12   |
| 66                   | 12,4  | 11,2  | 9,6  |
| 67                   | 9,3   | 8,4   | 7,2  |
| 68                   | 6,2   | 5,6   | 4,8  |
| 69                   | 3,1   | 2,8   | 2,4  |
| 70                   | 0     | 0     | 0    |
| SEGUNDOS<br>POR AÑO: | 3,1   | 2,8   | 2,4  |



### RESPONSABILIDADE

OS CLUBS PARTICIPANTES FARANO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE.

O FEITO DE PARTICIPAR IMPLICA A ACEPTACIÓN DE TÓDALAS NORMAS ESTABLECIDAS.

### SEGURIDADE

Será responsabilidade do club que as súas embarcacións se axusten ao estipulado no Código de Regatas referente á seguridade, medidas e pesaxe das mesmas.

#### LEMBRANZA SEGURIDADE REMO DE MAR:

Tódolos barcos deben cumprir cos requisitos de seguridade establecidos pola FER e con calquera requisito adicional establecido por calquera autoridade nacional, autonómica e/ou local para participar en dita regata costeira en particular.

#### En concreto:

- a) As embarcacións deben levar un **chaleco salvavidas** para cada membro da tripulación, dun tipo que cumpra con estándares internacionais recoñecidos. Os timoneiros deben usar un chaleco salvavidas en todo momento no barco.
- b) Os **barcos deben ter unha argola de remolque** na proa situada a uns 100 mm por riba da liña de flotación en carga provista dun **cabo flotante de 15 m**. Tanto o anel de enganche coma a liña deben ser o suficientemente resistentes coma para permitir o remolque seguro do barco afundido con tódolos membros da tripulación a bordo en condicións de mar e vento fortes. O extremo solto da liña debe estar ao alcance da man dun remeiro co propósito de achegalo a un bote de rescate se é necesario.
- c) Calquera **lastre** debe fixarse de forma segura á estrutura da embarcación.
- d) Durante as mangas de remo de mar, por razóns de seguridade permíteselle a cada barco levar equipos de radio ou de telecomunicacións segundo o permitido ou requirido por autoridades marítimas para este tipo de probas.
- e) O Xurado poderá denegar o permiso para que un barco en particular ou equipo embarque ou participe na regata se se cre que a embarcación non é segura.



**Cada club farase responsable dos danos ocasionados nas embarcacións durante o transcurso das probas.**

O **coordinador de seguridade** para esta regata será designado polo club organizador.

**a) Obrigas xerais**

Tódolos remeiros e timoneiros deben:

- Coñecer e respectar as normativas marítimas locais ademais das normas de competición da FER.
- Vestir chalecos salvavidas axeitados ou dispor deles a bordo con acceso fácil e conveniente para o seu uso persoal en calquera momento mentres se estea na auga.
- Saber que facer no caso de que a súa embarcación naufrague, volque ou se a súa embarcación require ser remolcada.

**b) Obrigas do capitán da tripulación**

De acordo co dereito marítimo internacional, tódolos buques de navegación marítima deben ter unha persoa responsable da seguridade e a navegación. No Remo de mar, este será un dos membros da tripulación que se designará como Capitán da Tripulación".

O **Capitán** da tripulación designado por cada embarcación será notificado ao comité organizador por escrito no momento do rexistro da tripulación. Esta notificación é responsabilidade do club en cuxo nome o equipo se inscribise e da tripulación afectada. A calquera tripulación para a que non se notifique o Capitán de tripulación non se lle permitirá o acceso á auga.

O **capitán** da tripulación será responsable de:

**- Antes de cada saída:**

- o Asumir a responsabilidade da avaliación dos riscos e a capacidade da tripulación para facer fronte ás condicións imperantes e ás previsións.
- o Familiarizarse coas condicións meteorolóxicas actuais e previstas.
- o Rexistrar a saída coa Comisión de Control, indicando a data e a hora da saída, a duración estimada da saída e a ruta que se vai tomar.
- o Comprobar o estado da embarcación e o equipamento de seguridade a bordo.



### OBRIGAS REMEIROS

#### - Durante a saída:

- o Garantir que a tripulación respecta todas as normas de navegación e de seguridade.
- o Esixir que todos os membros da tripulación leven os seus chalecos salvavidas cando sexa necesario.
- o Tomar as decisións necesarias para a seguridade da tripulación se o tempo empeora.
- o Facer o seguimento sobre calquera cambio na climatoloxía ou condicións da auga que poidan afectar á seguridade da tripulación.

#### - Despois da saída:

- o Informar á Comisión de Control do retorno da tripulación.
- o Completar o rexistro para indicar o regreso da tripulación.

### CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS DE SEGURIDADE EN REMO DE MAR

#### - Normas xerais de circulación

Remar no mar, fóra dos canais e portos, require unha atención especial ás condicións meteorolóxicas, mareas, correntes de auga e ao tráfico marítimo en xeral. Remeiros e timoneiros deben familiarizarse coas normas de navegación marítima internacionais xerais, así como coas condicións específicas da zona. As medidas de seguridade e as normas locais deben ser aplicadas de forma enérxica polo comité organizador e o Xurado, e as tripulacións deben cumprilas meirande e estritamente.

#### - Cuestións importantes para o remo no mar

- As embarcacións de remo non deben obstaculizar o paso de:
- o Barcos que só poidan navegar con seguridade nun canal estreito ou nun acceso.
  - o Embarcacións con propulsión mecánica, nunha vía de circulación.
  - o Buques con cargas pesadas.

#### - Evitar colisións

Cando dous botes de remo están nun curso de colisión potencial, ambos barcos deben moverse a estribor para dar paso á outra embarcación.



### - Refuxios

Os refuxios son os portos e bahías onde os barcos poden atopar facilmente refuxio en condicións meteorolóxicas adversas e onde os membros da tripulación poden desembarcar de forma segura. Tales refuxios deben darse a coñecer polo comité organizador a todas as tripulacións como parte da información que se lles facilita. Os refuxios poden ser moi dependentes da marea, o vento e as condicións do momento. Dependendo das condicións, unha área pode ser considerada como un refuxio nun momento determinado do día, e pode ser perigosa e inaccesible noutras ocasións. Calquera que sexa a ruta seguida polos remeiros, deben estar ao tanto de todas as posibilidades de acceso aos refuxios, de acordo cos límites de navegación da súa embarcación.

### - Volcado

As tripulacións deben practicar regularmente simulacros de volcado e familiarizarse con todos os pasos para meirande asegurar a seguridade da tripulación.

## COMITÉ DE REGATAS

Quedarán formados na reunión de delegadas da forma seguinte:

- Presidente da Federación Galega de Remo ou persoa en quen delegue.
- Presidente do Club organizador ou persoa en quen delegue.
- Presidente do Xurado.
- Un representante dos clubs participantes, elixido na reunión de Delegadas.

O Comité de Regatas en todo momento poderá modificar e dar novas instrucións, cando causas convenientes o aconsellen, sobre canto se recolle nesta circular, sendo quen determine se procede ou non a participación duns clubs, tripulación ou remeiro/a.

En todo aquilo non especificado na presente circular aplicarase a normativa vixente.

## MEDALLAS

Realizarase a entrega de medallas ós tres primeiros clasificados de cada categoría. Informarase na reunión de delegadas da forma de entrega.

